

neo en razón da necesidade e oportunidade, no menor tempo posible e pola ruta máis apropiada para realizar o adecuado traslado.

3.2 Os vehículos de transporte sanitario por estrada deben cumprir os requisitos sinalados no Real decreto 619/1998, do 17 de abril, polo que se establecen as súas características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal, así como os da normativa da correspondente comunidade autónoma en que teñan a súa base de actuación.

3.3 O transporte sanitario non asistido ou asistido será solicitado, de acordo coa normativa de cada comunidade autónoma, polo facultativo responsable da asistencia que motive o desprazamento do paciente, atendendo a causas estritamente clínicas e sempre que non supoña un risco engadido para a saúde do paciente. Así mesmo, o facultativo debe xustificar, se é o caso, o requirimento de acompañante que se recolle no punto 1 e cando se trate de tratamentos de longa duración, debe avaliar periodicamente a necesidade do transporte sanitario.

4. *Traslado de pacientes entre comunidades autónomas*

4.1 Cando unha comunidade autónoma decida trasladar un paciente a outra comunidade co fin de prestarlle asistencia sanitaria que non é posible facilitar cos seus propios medios, proporcionará o transporte sanitario ao paciente que o precise, tanto para o seu desprazamento ao centro sanitario, como para o regreso ao seu domicilio se persisten as causas que xustifican a necesidade desta prestación. En caso de se utilizar transporte aéreo ou marítimo, a comunidade receptora farase cargo do traslado do paciente desde o aeroporto, heliporto ou porto ata o centro sanitario, así como do regreso desde este ata o aeroporto, heliporto ou porto se persisten as causas que motivan a necesidade de transporte sanitario.

4.2 No caso de pacientes sometidos a tratamentos periódicos, como diálise ou rehabilitación, que se desprazan a outra comunidade autónoma durante un período de tempo, é esta comunidade a que, aplicando os criterios que utiliza para autorizar o uso de transporte sanitario no seu ámbito, se fai cargo de facilitar esta prestación para recibir estes tratamentos aos usuarios que o requiran por causas estritamente médicas.

4.3 Cando un paciente desprazado transitoriamente a outra comunidade autónoma recibiu asistencia sanitaria urxente, a comunidade de orixe do paciente é a que se fai cargo do transporte sanitario que precise por causas estritamente médicas para o seu traslado á comunidade de orixe, ben ao seu domicilio ou a outro centro sanitario.

ANEXO IX

Asistencia sanitaria cuxo importe se debe reclamar aos terceiros obrigados ao pagamento

Conforme o previsto no artigo 83 da Lei xeral de sanidade, na disposición adicional 22 do texto refundido da Lei xeral de Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, no artigo 2.7 deste real decreto e demais disposicións que resulten de aplicación, os servizos públicos de saúde reclamarán aos terceiros obrigados ao pagamento o importe das atencións ou prestacións sanitarias facilitadas directamente ás persoas, incluído o transporte sanitario, a atención de urxencia, a atención especializada, a atención primaria, a prestación farmacéutica, a prestación ortoprotésica, as prestacións con produtos dietéticos e a rehabilitación, nos seguintes supostos:

1. Asegurados ou beneficiarios do sistema de Seguridade Social pertencentes á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, Mutualidade Xeral Xudicial ou ao Instituto Social das Forzas Armadas, que non fosen

adscritos, a través do procedemento establecido, a recibir asistencia sanitaria do Sistema Nacional de Saúde.

2. Asegurados ou beneficiarios de empresas colaboradoras na asistencia sanitaria do sistema de Seguridade Social, naquelas prestacións cuxa atención corresponda á empresa colaboradora conforme o convenio ou concerto suscrito.

3. Accidentes de traballo ou enfermidades profesionais a cargo das mutuas de accidentes de traballo, do Instituto Nacional da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña.

4. Seguros obrigatorios:

a) Seguro obrigatorio dos deportistas federados e profesionais.

b) Seguro obrigatorio de vehículos de motor.

c) Seguro obrigatorio de viaxeiros.

d) Seguro obrigatorio de caza.

e) Calquera outro seguro obrigatorio.

5. Convenios ou concertos con outros organismos ou entidades.

Reclamarase o importe da asistencia prestada, de acordo cos termos do convenio ou concerto correspondente.

6. Cidadáns estranxeiros:

a) Asegurados ou beneficiarios nun Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo e Suíza, non residentes en España, nos supostos e condicións establecidos nos regulamentos comunitarios en materia de seguridade social.

b) Asegurados ou beneficiarios doutros países estranxeiros, non residentes en España, nos supostos e condicións establecidos nos convenios bilaterais en materia de seguridade social suscritos por España.

7. Outros obrigados ao pagamento.

a) Accidentes acaecidos con ocasión de eventos festivos, actividades recreativas e espectáculos públicos en caso de que se subscribise contrato de seguro de accidentes ou de responsabilidade civil que cubra as contingencias derivadas destas actividades.

b) Seguro escolar.

c) Calquera outro suposto en que, en virtude de normas legais ou regulamentarias, o importe das atencións ou prestacións sanitarias deba ser por contra das entidades ou terceiros correspondentes.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

16284 *CORRECCIÓN de erros da Resolución do 21 de xullo de 2006, da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se establece o procedemento para a recepción polo Estado español dos ingresos procedentes doutros Estados e territorios dependentes ou asociados, por aplicación da Directiva 2003/48/CE, do Consello da Unión Europea, do 3 de xuño de 2003. («BOE» 223, do 18-9-2006.)*

Advertido erro na Resolución do 21 de xullo de 2006, da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se establece o procedemento para a

recepción polo Estado español dos ingresos procedentes doutros Estados e territorios dependentes ou asociados, por aplicación da Directiva 2003/48/CE, do Consello da Unión Europea, do 3 de xuño de 2003, publicada no Boletín Oficial del Estado, suplemento número 12 en lingua galega, do 1 de setembro, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 1676, no punto terceiro, ingreso na conta corrente do Tesouro, onde di «Indicación do código correspondente a este tipo de ingresos, que será o 062 (Unión Europea. Directiva Aforro)» debe dicir «Indicación do código correspondente a este tipo de ingresos, que será o 070 (Unión Europea. Directiva Aforro)».

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

16285 *REAL DECRETO 964/2006, do 1 de setembro, polo que se aproba o Plan técnico nacional de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia.* («BOE» 223, do 18-9-2006.)

O Plan técnico nacional de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia foi aprobado polo Real decreto 169/1989, do 10 de febreiro, e modificado parcialmente polo Real decreto 1388/1997, do 5 de setembro.

A aplicación práctica do citado plan non proporciona satisfacción á realidade do sector radiofónico inmerso nun proceso de gran crecemento, e revelou a necesidade de incrementar o número de frecuencias destinadas tanto á programación pública para desenvolver a cobertura das redes institucionais como á programación privada para incrementar a pluralidade informativa.

A actividade consistente en emitir radiodifusión está suxeita a unha dobre concesión, a de xestión do servizo público e a concesión demanial do dominio público radioeléctrico, dous actos administrativos que, aínda que «de facto» se funden nun só, xa que en virtude do principio de prevalencia do servizo público a concesión da súa xestión leva consigo a do uso privativo do demanio radioeléctrico, «de iure» trátase de dúas concesións administrativas distintas, unha para a prestación do servizo de radiodifusión e outra para a utilización, con carácter privativo, do dominio público radioeléctrico necesario para a prestación do devandito servizo.

As concesións de servizos de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencias ás entidades privadas son outorgadas polas comunidades autónomas con competencia en materia de medios de comunicación social. Estas concesións deberanse outorgar consonte a planificación realizada polo Estado, que se concreta neste plan técnico en que se identifican as frecuencias que se determinaron como dispoñibles.

En todo caso, o dereito de uso do dominio público radioeléctrico necesario para a prestación do devandito servizo require do correspondente título habilitante cuxo outorgamento lle corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.21.^a da Constitución, que revestirá a forma de afectación demanial ou concesión administrativa para o uso privativo do dominio público radioeléctrico.

De conformidade co establecido no artigo 26.3 da Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións, a explotación dos servizos de radiodifusión sonora en frecuencia modulada pode ser realizada

mediante xestión directa polas administracións públicas, ou polos seus entes públicos, e a través de xestión indirecta polas corporacións locais ou por persoas físicas ou xurídicas.

O dominio público radioeléctrico é un recurso natural limitado, con crecente contido económico, cuxa xestión ten por obxectivo conseguir un uso eficaz deste.

Conforme se establece no artigo 43.1 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, o espectro radioeléctrico é un ben de dominio público, cuxa titularidade, xestión, planificación, administración e control corresponden ao Estado. Esas funcións e actividades asociadas á administración do espectro radioeléctrico veñen sendo realizadas pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. No entanto, o artigo 47 da mencionada Lei 32/2003, do 3 de novembro, creou a Axencia Estatal de Radiocomunicacións co obxectivo de dotar de maior axilidade a xestión do dominio público radioeléctrico e, en consecuencia, neste real decreto especificanse as competencias que corresponderán á dita axencia cando se produza a súa constitución efectiva.

As frecuencias que se determinaron como dispoñibles incorpóranse ao novo Plan técnico nacional de radiodifusión sonora en frecuencia modulada que, con pleno respecto ás competencias propias das comunidades autónomas, contribúen ao incremento dunha oferta plural de servizos de radiodifusión sonora para satisfacer, na maior medida posible, a demanda dos cidadáns.

O Ente Público Radiotelevisión Española e as comunidades autónomas foron consultados para formular as súas necesidades de frecuencias e, unha vez establecido o plan, verificaron o trámite de audiencia presentando os seus comentarios e alegacións.

De conformidade coas facultades atribuídas polo artigo 44 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, correspóndelle ao Goberno o desenvolvemento regulamentario das condicións de utilización do espectro radioeléctrico, así como a elaboración e a aprobación dos plans de utilización del.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de setembro de 2006,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a aprobación do Plan técnico nacional de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia e a regulación da posterior asignación de frecuencias para a prestación de servizos de radiodifusión sonora en ondas métricas con modulación de frecuencia, cuxa competencia lle corresponde ao Estado. Todo iso sen prexuízo da regulación dos ditos servizos, para os que as frecuencias serven de soporte, como servizos de difusión, aos que lles será de aplicación a normativa ditada ao abeiro das competencias do artigo 149.1.27.^a da Constitución española.

Non se poderá outorgar concesión para a prestación do servizo por parte das comunidades autónomas sen que fose realizada pola Administración xeral do Estado a oportuna reserva de frecuencias. Así mesmo, será condición necesaria para o outorgamento da concesión de dominio público radioeléctrico, a súa pervivencia no tempo e sucesivas prórrogas, a existencia de título habilitante para a prestación do servizo de difusión outorgado pola Administración que dispoña de competencia para iso.

Unha vez outorgadas as concesións de servizo, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións procederá á asignación da correspondente concesión de dominio público